

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

- 629** *Orde FOM/36/2014, do 10 de xaneiro, pola que se determinan os datos que se deben incluír no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos portuarios de Portos do Estado e nos rexistros de empresas prestadoras de servizos portuarios das autoridades portuarias e se regula o procedemento para a súa inscrición.*

O texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, no seu artigo 120 crea en cada autoridade portuaria un rexistro de empresas prestadoras de servizos portuarios nos portos que xestiona e, en Portos do Estado, o Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos portuarios.

O número 3 do dito artigo establece que «por orde do Ministerio de Fomento se determinarán os datos que se deberán incluír no Rexistro xeral e nos rexistros de cada autoridade portuaria, así como o procedemento de inscrición».

A presente norma resulta precisa para facer efectiva a previsión legal, cuxo fin é determinar os datos que debe conter a base de datos e a través da cal se poden coñecer as empresas prestadoras dos diversos servizos portuarios nun porto de interese xeral determinado.

Esta disposición foi sometida a audiencia previa das asociacións empresariais máis representativas das empresas prestadoras de servizos portuarios con maior presenza nos portos de interese xeral e foron oídas as autoridades portuarias.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente orde ten por obxecto determinar os datos que se deben incluír nos rexistros de empresas prestadoras de servizos portuarios das autoridades portuarias e no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos portuarios de Portos do Estado, así como o procedemento de inscrición.

Artigo 2. *Estrutura e contido dos rexistros e codificación.*

1. Os rexistros de empresas prestadoras de servizos portuarios das autoridades portuarias e o Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos portuarios de Portos do Estado dividiranse en tantas seccións como servizos portuarios se relacionan no artigo 108.2 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, para garantir que a información poida ser consultada por porto e por cada servizo portuario dos sinalados no dito artigo.

2. Os asentos dos rexistros realizaranse de acordo coa codificación descrita no anexo I e o seu contido será o que se lista no anexo II. Facúltase o organismo público Portos do Estado para concretar as características técnicas das especificacións dos campos informáticos dos rexistros.

Artigo 3. *Práctica da inscrición.*

1. O outorgamento dunha licenza para a prestación dun servizo portuario nun porto de interese xeral será condición necesaria e suficiente para que a autoridade portuaria correspondente practique de oficio a inscrición do prestador no Rexistro de empresas

prestadoras de servizos portuarios do dito organismo. A inscrición practicarase nun prazo de 30 días hábiles desde que se outorgue a licenza.

2. A inscrición no Rexistro de empresas prestadoras de servizos portuarios practicarase cos datos contidos nas licenzas outorgadas ás ditas empresas prestadoras.

3. A inscrición no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos portuarios será practicada de oficio por Portos do Estado, a partir da información subministrada polas autoridades portuarias dos datos sobre as licenzas outorgadas e contidos nos respectivos rexistros de empresas prestadoras de servizos portuarios. Con este fin, as autoridades portuarias, no prazo de 30 días hábiles seguintes á data en que asenten tales inscricións, remitirán a Portos do Estado a información incluída no anexo II sobre as empresas inscritas, así como as variacións que se produzan nos datos, para a súa correcta actualización.

Artigo 4. *Acceso aos rexistros.*

1. Os rexistros de empresas prestadoras de servizos portuarios das autoridades portuarias e o Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos portuarios terán carácter público e constituiranse como bases de datos informatizadas.

2. O acceso público aos rexistros de empresas prestadoras de servizos portuarios das autoridades portuarias e ao Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos portuarios efectuarase, preferentemente, a través da internet, sen prexuízo de que se poida acceder presencialmente, indo á sede da autoridade portuaria correspondente ou á de Portos do Estado. Para tal efecto, as autoridades portuarias e Portos do Estado publicarán os rexistros nos seus respectivos portais da internet.

3. De acordo co que se establece no artigo 120.4 do mencionado texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, en ningún caso a inscrición nos ditos rexistros poderá ser utilizada como vantaxe para acceder á prestación dos servizos portuarios, nin a súa ausencia como causa de exclusión.

Artigo 5. *Cancelación da inscrición.*

A inscrición rexistral dun prestador de servizos portuarios cancelaraa de oficio a autoridade portuaria correspondente cando a súa licenza se extinga por calquera das causas previstas no artigo 119 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, nos pregos de prescricións particulares correspondentes que amparan o seu outorgamento ou nas propias licenzas, e asentarase no seu rexistro no prazo de 30 días desde que o seu consello de administración a acorde. A dita cancelación será comunicada polas autoridades portuarias ao Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos portuarios de Portos do Estado no prazo de 15 días hábiles seguintes á data en que se asenten tales cancelacións no Rexistro de empresas prestadoras de servizos portuarios das respectivas autoridades portuarias.

Disposición adicional única. *Cláusula de non incremento de recursos orzamentarios, nin de dotacións, nin gastos de persoal.*

As medidas contidas nesta orde non poderán supor incremento dos recursos orzamentarios nin de dotacións, de retribucións ou doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Posta en funcionamento dos rexistros.*

As autoridades portuarias e Portos do Estado realizarán as inscricións das empresas con licenzas vixentes nos seus respectivos rexistros, e interconectaranos telematicamente no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta orde, data en que os ditos rexistros entrarán en funcionamento.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de portos de interese xeral.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor desta orde.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de xaneiro de 2014.–A ministra de Fomento, Ana Pastor Julián.

ANEXO I

Sistema de codificación de licenzas

A. Regras para o asento de inscricións, modificacións e cancelacións

1. Cada licenza inscribírase identificándoa cun código de rexistro que terá o formato: ap – pp – sp – nnnn conforme os valores das táboas que figuran neste anexo.

- a. ap: dous díxitos para indicar a autoridade portuaria.
- b. pp: dous díxitos para indicar o porto.
- c. sp: dúas letras para indicar o servizo portuario.
- d. nnnn: catro díxitos para indicar o número de licenza. Será un contador de licenzas de cada autoridade portuaria, sen ter en conta nin o ano nin o tipo de licenza, de forma que os códigos nunca se repitan.

2. Non poderá haber máis dun asento co mesmo código de rexistro.
3. O código de rexistro estará vinculado de forma directa e indisoluble ao NIF da empresa a que corresponde o asento.
4. Un cambio no NIF dun asento, debido a unha transmisión de licenza ou calquera outro motivo, dará lugar a un novo asento cun novo código de rexistro.
5. As modificacións doutros datos diferentes ao NIF dun asento non darán lugar a un novo código.
6. As modificacións de datos de licenza reflectiranse nos rexistros engadindo o novo dato xunto á data en que tivo efecto, conservando os datos anteriores a modo de histórico.
7. As renovacións de licenza non darán lugar a un novo código. Darán lugar á modificación do asento correspondente engadindo as datas de inicio e fin e o prazo do novo período.
8. As extincións de licenza, calquera que sexa a causa, de licenza reflectiranse nos rexistros engadindo o dito dato (licenza extinguida) e a data en que tivo efecto, conservando os datos anteriores a modo de histórico.
9. Será obrigatorio cubrir todos os datos enumerados no anexo II, excepto os n.º 7 e 10 das epígrafes do anexo II.

B. Intercambio de información entre rexistros

O traslado de información desde os rexistros das autoridades portuarias ao Rexistro xeral de Portos do Estado realizarase por medios telemáticos a través da internet/intranet, ben introducindo os datos no Rexistro xeral de forma manual mediante a correspondente aplicación habilitada por Portos do Estado ou ben mediante un proceso automatizado que permita interactuar os rexistros entre si.

Portos do Estado, mediante unha circular técnica, establecerá as especificacións para o traslado da información de forma automatizada entre os rexistros das autoridades portuarias e o Rexistro xeral de Portos do Estado.

A dita circular poderá conter condicións técnicas adicionais ás regras anteriores para facilitar a homoxeneidade e compatibilidade dos rexistros.

C. Táboas de valores para os códigos de rexistro

ap: dous díxitos para indicar a autoridade portuaria.

Autoridades portuarias

Cód.	Nome
23	Autoridade Portuaria da Coruña.
60	Autoridade Portuaria de Alacant.
51	Autoridade Portuaria de Almería.
15	Autoridade Portuaria de Avilés.
40	Autoridade Portuaria de Baía de Algeciras.
34	Autoridade Portuaria de Baía de Cádiz.
80	Autoridade Portuaria de Balears.
72	Autoridade Portuaria de Barcelona.
12	Autoridade Portuaria de Bilbo.
57	Autoridade Portuaria de Cartagena.
67	Autoridade Portuaria de Castelló.
55	Autoridade Portuaria de Ceuta.
20	Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao.
14	Autoridade Portuaria de Gijón/Xixón.
30	Autoridade Portuaria de Huelva.
90	Autoridade Portuaria das Palmas.
50	Autoridade Portuaria de Málaga.
25	Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra.
56	Autoridade Portuaria de Melilla.
52	Autoridade Portuaria de Motril.
11	Autoridade Portuaria de Pasaía.
94	Autoridade Portuaria de Santa Cruz de Tenerife.
13	Autoridade Portuaria de Santander.
33	Autoridade Portuaria de Sevilla.
71	Autoridade Portuaria de Tarragona.
63	Autoridade Portuaria de Valencia.
26	Autoridade Portuaria de Vigo.
24	Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa.

pp: dous díxitos para indicar o porto.

Portos

Cód.	Porto
23	A Coruña.
82	Alcúdia.
62	Alacant.
53	Almería.
93	Arrecife.
15	Avilés.
42	Baía de Algeciras.
72	Barcelona.
00	Varios portos da autoridade portuaria.
12	Bilbo.
37	Cádiz e a súa baía.
54	Carboneras.

Cód.	Porto
57	Cartagena.
68	Castelló.
55	Ceuta.
83	Eivissa.
22	Ferrol e a súa ría.
64	Gandía.
14	Gijón/Xixón-Musel.
89	Granadilla.
32	Huelva.
97	La Estaca.
84	La Savina.
91	Las Palmas.
96	Los Cristianos.
50	Málaga.
85	Maó.
25	Marín e Ría de Pontevedra.
56	Melilla.
52	Motril.
81	Palma.
11	Pasaia.
92	Puerto del Rosario.
66	Sagunto.
21	San Cibrao.
99	San Sebastián de la Gomera.
98	Santa Cruz de La Palma.
95	Santa Cruz de Tenerife.
13	Santander.
33	Sevilla e a súa ría.
41	Tarifa.
71	Tarragona.
65	Valencia.
26	Vigo e a súa ría.
24	Vilagarcía de Arousa e a súa ría.

sp: dúas letras para indicar o servizo portuario:

pr: pilotaxe portuaria.

re: remolque.

am: amarre e desamarre.

ma: recepción de refugallos.

pa: pasaxe.

es: manipulación de mercadorías.

nnnn: catro díxitos para indicar o número de licenza; números correlativos.

ANEXO II

Información que se incluírá nos rexistros de empresas prestadoras de servizos portuarios das autoridades portuarias e no Rexistro xeral de empresas prestadoras de servizos portuarios de Portos do Estado*Pilotaxe portuaria*

1. Autoridade portuaria.
2. Porto ou portos.
3. Código do rexistro.
4. Nome e apelidos ou razón social.
5. Número de identificación fiscal.
6. Domicilio, teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.
7. Identificación do representante legal.
8. Enderezo para efectos de notificacións.
9. Grupo empresarial segundo o artigo 42.1 do Código de comercio.
10. Enderezo web de contacto para solicitude do servizo e as tarifas.
11. Tipo de licenza (G=aberta ao uso xeral; I=integración de servizos; R=restrinxida a E.M./terminal de uso particular).
12. Ámbito xeográfico da licenza.
13. Data de outorgamento da licenza.
14. Data de fin da licenza.
15. Prazo.
16. Estado da licenza (hábil/extinguida).

Remolque

1. Autoridade portuaria.
2. Porto ou portos.
3. Código do rexistro.
4. Nome e apelidos ou razón social.
5. Número de identificación fiscal.
6. Domicilio, teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.
7. Identificación do representante legal.
8. Enderezo para efectos de notificacións.
9. Grupo empresarial segundo o artigo 42.1 do Código de comercio.
10. Enderezo web de contacto para solicitude do servizo e as tarifas.
11. Tipo de licenza (G=aberta ao uso xeral; I=integración de servizos; R=restrinxida a E.M./terminal de uso particular).
12. Ámbito xeográfico da licenza.
13. Data de outorgamento da licenza.
14. Data de fin da licenza.
15. Prazo.
16. Estado da licenza (hábil/extinguida).

Amarre

1. Autoridade portuaria.
2. Porto ou portos.
3. Código do rexistro.
4. Nome e apelidos ou razón social.
5. Número de identificación fiscal.
6. Domicilio, teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.
7. Identificación do representante legal.
8. Enderezo para efectos de notificacións.
9. Grupo empresarial segundo artigo 42.1 do Código de comercio.

10. Enderezo web de contacto para solicitude do servizo e as tarifas.
11. Tipo de licenza (G=aberta ao uso xeral; I=integración de servizos; R=restrinxida a E.M./terminal de uso particular).
12. Ámbito xeográfico da licenza.
13. Data de outorgamento da licenza.
14. Data de fin da licenza.
15. Prazo.
16. Estado da licenza (hábil/extinguida).

Recepción de refugallos (MARPOL)

1. Autoridade portuaria.
2. Porto ou portos.
3. Código do rexistro.
4. Nome e apelidos ou razón social.
5. Número de identificación fiscal.
6. Domicilio, teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.
7. Identificación do representante legal.
8. Enderezo para efectos de notificacións.
9. Grupo empresarial segundo artigo 42.1 do Código de comercio.
10. Enderezo web de contacto para solicitude do servizo e as tarifas.
11. Tipo de licenza (G=aberta ao uso xeral; R=restrinxida a E.M./terminal de uso particular).
12. Clase de residuo (anexo I; anexo IV; anexo V; anexo VI).
13. Ámbito xeográfico da licenza.
14. Data de outorgamento da licenza.
15. Data de fin da licenza.
16. Prazo.
17. Estado da licenza (hábil/extinguida).

Pasaxe

1. Autoridade portuaria.
2. Porto ou portos.
3. Código do rexistro.
4. Nome e apelidos ou razón social.
5. Número de identificación fiscal.
6. Domicilio, teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.
7. Identificación do representante legal.
8. Enderezo para efectos de notificacións.
9. Grupo empresarial segundo artigo 42.1 do Código de comercio.
10. Enderezo web de contacto para solicitude do servizo e as tarifas.
11. Tipo de licenza (G=aberta ao uso xeral; A=autoprestación; R=restrinxida a estación marítima de uso particular).
12. Tipo de servizo (P=pasaxeiros; E=equipaxes; V=vehículos en réxime de pasaxe).
13. Tipo de tráfico (T=transporte; C=cruceiro).
14. Ámbito xeográfico da licenza.
15. Data de outorgamento da licenza.
16. Data de fin da licenza.
17. Prazo.
18. Estado da licenza (hábil/extinguida).

Manipulación de mercadorías

1. Autoridade portuaria.
2. Porto ou portos.
3. Código do rexistro.

4. Nome e apelidos ou razón social.
5. Número de identificación fiscal.
6. Domicilio, teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.
7. Identificación do representante legal.
8. Enderezo para efectos de notificacións.
9. Grupo empresarial segundo artigo 42.1 do Código de comercio.
10. Enderezo web de contacto para solicitude do servizo e as tarifas.
11. Tipo de licenza (G=aberta ao uso xeral; A=autoprestación; R=restrinxida a terminal de uso particular).
12. Tipo de tráfico (C=contedores; GR=graneis; G=xeral non contedorizada; V=vehículos).
13. Ámbito xeográfico da licenza.
14. Data de outorgamento da licenza.
15. Data de fin da licenza.
16. Prazo.
17. Estado da licenza (hábil/extinguida).

Nota aclaratoria:

Os datos 6, 7 e 8 compóñense dos seguintes ítems:

6. Domicilio, teléfono, fax e enderezo de correo electrónico.
Estes datos deben estar desagregados da seguinte forma:

Rúa e número.
Localidade.
Código postal.
Provincia.
Número de teléfono.
Número de fax.
Enderezo de correo electrónico.

7. Identificación do representante legal.
Estes datos deben estar desagregados da seguinte forma:

Razón social.
NIF.

8. Enderezo para efectos de notificacións.
Estes datos deben estar desagregados da seguinte forma:

Rúa e número.
Localidade.
Código postal.
Provincia.